

Documento distribuído por



As mulleres como lectoras e como escritoras en Galicia

María do Cebreiro

Data de publicación: febreiro 2016



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

AS MULLERES COMO LECTORAS E COMO ESCRITORAS EN GALICIA

María do Cebreiro Rábade Villar

A análise do acceso das mulleres galegas ás prácticas sociais da lectura e da escritura experimentou nos últimos anos un decidido impulso. Da man de autores como Miguel García Fernández para a época moderna (séculos XVI-XVIII) ou Narciso de Gabriel para a época contemporánea (séculos XIX-XX), foron estudados en detalle aspectos tan salientables como as condicións de acceso das mulleres aos arquivos públicos ou familiares, as relacións das mulleres co mundo da imprenta, a función das institucións relixiosas na educación das mulleres ou a función decisiva da escola galega —desde as escolas de primeiras letras ás escolas de gramática, pois cómpre ter en conta que historicamente houbo importantes restricións no acceso das mulleres á Universidade— nos procesos de alfabetización e instrución cultural.

Na elaboración dunha historia das mulleres galegas, consideradas como lectoras e como escritoras, haberá que ter presente a historia dos usos do libro impreso en Galicia, que conta xa con abordaxes monográficas por parte de autores como Antón Costa ou Ofelia Rey Castelao. Estudos coma estes poñen de relevo que a análise das prácticas de ler e de escribir deben ser consideradas desde os puntos de vista sociolóxico e institucional. Non en van o acceso das mulleres á cultura escrita implicou a presenza de institucións e de elementos mediadores como a Igrexa, a escola e a imprenta, nos que as mulleres, en maior ou menor medida, desempeñaron postos de responsabilidade. Emerxen deste xeito ante nós unha serie de mulleres moi salientables para unha historia feminista da lectura e da escritura, integrada non só polos nomes das escritoras e das lectoras, senón tamén polo das mestras e instrutoras, tanto no ámbito privado como no público, ou pola das impresoras. No que atinxe ao período moderno, é obrigado salientar a aparición das primeiras escritoras galegas, entre as que resultan ineludibles os nomes de Isabel Castro y Andrade, María Antonia Pereira do Campo, María Francisca de Isla y Losada, Isabel Rodríguez ou María Reguera y Mondragón. Aínda

que a nómina pareza reducida, cumpriría ter en conta que durante os chamados Séculos Escuros foron tamén moi escasos os escritores de orixe galega que publicaron no ámbito peninsular, como o recoñecen os índices e bibliografías elaborados a tal efecto (Cabo Aseguinolaza). En calquera caso, cómpre reparar en que, a diferenza do que ocorre na actualidade, o *adagio* latino *qui scribit, bis legit* non ten carácter reversible. Que as escritoras fosen tamén lectoras non implica que as lectoras fosen tamén escritoras, pois até ben entrado o século XVIII a lectura e a escritura eran aptitudes que se aprendían dun xeito relativamente dissociado (García Fernández).

Á necesidade de ter moi presentes as diferenzas entre as figuras das escritoras e das lectoras, e ás dificultades para esclarecer o seu número ou a súa condición, hai que engadir a importancia de considerar a función social desempeñada por outras mulleres vinculadas coa historia da alfabetización en Galicia. Nese sentido, cumpriría facer referencia ás fundadoras de conventos e de escolas para orfas, como Inés Pérez de Çeta ou Úrsula Méndez de Tejada; ás posibles lectoras cultas do estamento nobiliar, como a Condesa de Altamira —cuxo inventario de bens, datado en 1549, documenta obras de Ausias March—; a preceptoras como María Magdalena Leal, responsable da educación das fillas de Juan Antonio de Feijoo y Losada; ás libreiras Ana Sánchez ou Josefa María Díaz e ás impresoras, en moitos casos viúvas como as de Agustín de Paz, Alonso Díaz ou Compañel, que á morte dos esposos quedaban ao cargo do obradoiro familiar. Pero para alén de todos os nomes citados, debemos considerar a multitude de mulleres anónimas como as catro mestras rexistradas na cidade de Santiago de Compostela en 1753, ou as 94 mestras e 1699 alumnas que constan nas 89 escolas recollidas no censo de Godoy (García, Rey Castelao, Gallego Domínguez).

No esclarecemento de moitas das incógnitas que rodean estas cuestións teñen xogado e han xogar un papel decisivo as investigacións de carácter cuantitativo, que sobre todo na época contemporánea parten da análise dos documentos censais. Pero a investigación cualitativa achega asemade aspectos de grande interese, especialmente no ámbito da representación das mulleres lectoras e escritoras, tanto nas artes plásticas como no eido especificamente literario. O caso da escritora galega Rosalía de Castro permite ilustrar algúns dos moitos camiños que esta perspectiva pode abrir no estudo da relación das mulleres galegas coa lectura e coa escrita. En primeiro lugar, porque a autora viviu en primeira persoa a que sen dúbida foi unha das grandes revolucións do século XIX: é dicir, a xeneralización dunha muller lectora e a súa progresiva aparición, como suxeito ou obxecto, nos debates socioliterarios.

Pero a participación das mulleres na batalla social das ideas, tal e como foi sutilmente retratada por Rosalía de Castro no seu artigo *Las literatas* (1866), non estivo exenta de conflitos. Empregando un procedemento análogo ao que ensaiara na súa reescritura de *El cadista* de Neira de Mosquera (Cabo Aseguinolaza e Rábade Villar), Castro parte do artigo *Filosofía social. La literata* (1845), do mesmo autor, para subverter sutilmente o principio da división sexual da sociedade. Cómpre ter en conta que na xeración inmediatamente anterior á de Castro, funcionara en Galicia o xornal *El Iris del bello sexo* (1840-1841), continuado posteriormente pola cabeceira *El Iris de Galicia*, e no que os redactores se facían pasar por escritoras co propósito de xerar un espazo de reflexión sobre as mulleres sen ter en conta de xeito efectivo a súa representación. A diferenza destes e doutros escritores que escribían *para as mulleres* apelando á súa figuración imaxinaria como público, Rosalía de Castro usou ficcións como *La hija del mar* (1859), *Flavio* (1861) ou *El caballero de las botas azules* (1867) para cuestionar fondamente as funcións asignadas para as mulleres na sociedade do seu tempo, e dedicou reflexións específicas á función das lectoras e das escritoras (García Negro). Valéndose da sátira, da parodia e da ironía narratorias, a maioría das súas novelas cuestionan o sistema de certezas dos lectores e lectoras, poñendo de relevo a pegada que no seu pensamento deixaron fontes como a filosofía krausista (Davies) ou o socialismo utópico de Fourier (Miguélez Carballeira, Rodríguez).

Non dispoñemos de moitas fontes para reconstruír a biblioteca real de Rosalía de Castro, aínda que en datas recentes autoras como Montserrat Ribao Pereira estudaron en detalle a súa biblioteca imaxinaria; é dicir, as obras que latexan na súa propia literatura, con especial atención á súa primeira obra narrativa *La hija del mar*. Con todo, dada a súa socialización de mocidade en Santiago de Compostela, e a súa familiaridade co Liceo de la Juventud (Álvarez Ruiz de Ojeda), é probable que tivese tamén acceso, se non inmediato cando menos si mediato, aos fondos da Sociedad Económica de Amigos del País. Habería que contar, ademais, coa biblioteca ou bibliotecas da familia fidalga dos Castro e, para a segunda metade da súa vida, co denominado fondo Gala-Murguía, depositado hoxe na Real Academia Galega. A biblioteca murguiana achega fontes interesantes sobre folklora, historia, filosofía e literatura, fundamentalmente en lingua francesa, inglesa e castelá e documenta o acceso do casal a escritores como Hoffman, Poe, Heine ou a poesía inglesa coetánea.

Moi suxestiva sería tamén a análise do tráfico de obras emprastadas e a súa influencia na obra da escritora. O epistolario de Rosalía de Castro, editado no portal do

Consello da Cultura Galega (González, Lama e Rábade) achega probas da bibliofilia de amigos como Eduardo Pondal ou Ángel Baltar, así como do uso que o casal Murguía-Castro fixo destas bibliotecas privadas. Así, nunha carta de Rosalía a Eduardo Pondal, datada o 6 de abril de 1864, a autora fai mención das notas biográficas de Mourelle de la Rúa, que lle pasara Pondal. Resulta inevitable preguntarse se os diarios de Mourelle, coetáneo de navegantes tan eminentes como Louis Antoine de Bouganville, James Cook, Jean François La Pérouse ou Alesandro Malaspina, puideron influír nos costumes relatados por Rosalía de Castro no seu polémico artigo *Costumbres gallegas* (1881), cuestión que permitiría conectar ademais o pensamento da escritora galega cos debates da época sobre a dialéctica entre civilización e barbarie.

Tamén as cartas dirixidas a Rosalía de Castro resultan moi ilustrativas do papel desempeñado polos epistolarios no rexistro intelectual dunha época. No arquivo da Real Academia Galega é posible consultar unha epístola de Ramón Segade, datada o 6 de xullo de 1864, na que lle pide á escritora que lle faga chegar un libro de Proudhon, “de forro amarillo”, detalle que deixa claro que Rosalía de Castro non só exercía como consumidora, senón tamén como provedora de bens dentro do seu círculo social. Dentro do mesmo arquivo cumpriría facer especial referencia asemade ás cartas remitidas por Soto y Freire, na medida en que testemuñan unha relación directa entre autora e impresor, sen a mediación murguiana que pola contra caracterizou a relación de Rosalía de Castro con Compañel, o editor de *Cantares gallegos* (1863). Polo tanto, e malia as limitacións no exercicio da propiedade intelectual que deparaba para as mulleres non viúvas o regulamento xurídico da época (Davies), o caso de Rosalía de Castro testemuña a razoable marxe de manobra que unha escritora e lectora ilustrada do século XIX atopou para a circulación das súas ideas en Galicia.

No ámbito europeo o acceso das mulleres á cultura do libro foi un fenómeno indisoluble do proceso de industrialización, da extensión demográfica e do avance das aspiracións sociais da burguesía. Os novos ideais educativos, froito da Ilustración, fixeron aumentar as taxas de alfabetización das mulleres. Pola súa banda, o crecente aumento das publicacións periódicas, posibilitado polo desenvolvemento das novas tecnoloxías da lectura e da escritura, fixo necesaria a captación de novos públicos. Ao longo do século XIX, a cultura escrita converterase nun dos máis poderosos mecanismos para a circulación de ideas e para a conformación dunha esfera pública rexida polos intereses de aqueles que controlaban a súa difusión. Pero tanto en Galicia como noutras culturas da periferia Europea, a creación dun espazo público, que no

século XX se vería substancialmente modificado pola emerxencia dos medios de comunicación de masas, abriu tamén para os axentes culturais a posibilidade de ensaiar estratexias alternativas ás dominantes. O proceso do Rexurdimento galego, aquí exemplificado a través da obra de Rosalía de Castro, supuxo para Galicia a aparición dun espazo político e cultural cada vez máis definido, así como a tímida, pero a partir de entón incuestionable, entrada das mulleres no campo cultural.

María do Cebreiro Rábade Villar 2015

REFERENCIAS

- Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (2000). “Rosalía de Castro, actriz: noticias e documentos”. *Revista de estudios rosalianos* 1, pp. 11-43.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando (2013). *El lugar de la literatura española*. En J. C. Mainer. *Historia de la literatura española*. Barcelona: Crítica, 2013, vol. 9.
- Cabo Aseguinolaza, Fernando e María do Cebreiro Rábade Villar eds (2013). “‘Tipos de Galicia. El cadista’, de Antonio Neira de Mosquera.” *Boletín de la Biblioteca de Menéndez Pelayo* 89/1, pp. 199-216.
- Costa Rico, Antón (2004). *Historia da cultura e da educación en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Davies, Catherine (2014). “Rosalía de Castro e América.” *Actas do Congreso Rosalía de Castro no século XXI: unha nova ollada*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Davies, Catherine (1987). *Rosalía de Castro no seu tempo*. Vigo: Galaxia.
- De Gabriel, Narciso (2006). *Ler e escribir en Galicia. A alfabetización dos galegos e das galegas nos séculos XIX e XX*. A Coruña: Universidade da Coruña, 2006.
- Domínguez Gallego, Olga (2008). *Historia da muller. Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVIII*. Santiago de Compostela e Ourense: Xunta de Galicia e Grupo Marcelo Macías.
- García-Fernández, Miguel (2012). “Alfabetización, autoría e produción impresa: unha aproximación en feminino á cultura letrada da Galicia moderna”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LIX. Núm. 125, pp. 233-244.
- García Negro, María Pilar. (1986). “Rosalía á luz de Mara”. *Actas do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 73-80.
- González Fernández, H., M. X. Lama e M. do C. Rábade Villar (eds.) (2014): *Epistolario de Rosalía de Castro*. Consello da Cultura Galega: <http://epistolarios.consellodacultura.org/rosalia.php> [última consulta: 10/02/2015].
- Miguélez-Carballeira, Helena (2012). “¿Por qué Rosalía de Castro tenía razón? *El caballero de las botas azules* como texto antisistema”. En Helena González Fernández y María do Cebreiro Rábade eds. *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro*. Barcelona: Icaria, pp. 121-138.
- Rey Castelao, Ofelia (2003). *Libros e lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX*. Santiago de

Compostela: Xunta de Galicia.

Rodríguez, Francisco (2011). *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria. A persoa e a obra de onte a hoxe*. A Coruña: ASPG.

Ribao Pereira, Montserrat (2012). “A biblioteca de La hija del mar”. *Grial* 194. María do Cebreiro Rábade e Dolores Vilavedra eds. Número monográfico *Novas olladas sobre Rosalía de Castro*, pp. 42-47.

María do Cebreiro

2014